



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Multilingüismo e internet | Código | 613836064 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Vazquez Veiga, Nancy | Correo electrónico | nancy.vazquez.veiga@udc.es | |
| Profesorado | Vazquez Veiga, Nancy | Correo electrónico | nancy.vazquez.veiga@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia prepara o alumnado para identificar as necesidades lingüísticas e comunicativas de comunidades, institucións e empresas dentro do panorama de crecente internacionalización e globalización, así como os retos e as oportunidades que este medio supón. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A3 | Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística. |
| A4 | Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos. |
| A5 | Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido. |
| A6 | Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada. |
| A7 | Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...). |
| A8 | Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| A10 | Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador. |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |
| B6 | Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos. |
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |



| | |
|-----|--|
| B8 | Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora. |
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| B10 | Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster. |
| C3 | Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|---|-------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| - Dominar o ámbito virtual. | AI9 AI10 | BI5 BI8 | CM3 CM6 CM8 |
| - Ser capaz de analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación en contextos multilingües. | AI1 AI3 AI4 AI5 AI7 | BI1 BI2 BI5 BI6 BI10 | CM4 CM6 CM7 |
| - Aplicar os coñecementos sobre os principais conceptos de planificación e política lingüística ao ámbito virtual dende unha perspectiva global. | AI1 AI3 AI6 AI7 AI8 | BI2 BI3 BI4 BI7 BI9 BI10 | CM4 CM5 CM8 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Globalización e multilingüismo. O papel do inglés. | 1.1. Que é a globalización? 1.2. Consecuencias da globalización 1.3. A diversidade lingüística 1.4. Situacións de bi- e multilingüismo 1.5. O impacto da globalización nas linguas 1.6. O inglés: a lingua da globalización |
| 2. As linguas de Internet, as linguas en Internet. Visibilidade das linguas e das culturas na rede. | 2.1. Internet, lingua e comunidade 2.2. Consecuencias de Internet para as linguas 2.3. Como avaliar unha lingua na rede 2.4. As linguas máis faladas en Internet 2.5. Algúns apuntamentos sobre o futuro das linguas |



| | |
|---|--|
| 3. O ciberespacio europeo: a UE e as linguas. | 3.1. O ciberespacio: unha oportunidade para o multilingüismo? 3.2. A Unión Europea e o multilingüismo 3.3. As linguas oficiais da Unión Europea 3.4. As linguas minoritarias na Unión Europea 3.5. O Marco Común Europeo de referencia para as linguas |
| 4. O ciberespacio dende Galicia: as linguas da rede, as linguas na rede. O dominio .gal | 4.1. O ciberespazo: visibilidade da lingua e da cultura galegas 4.2. A aprobación do dominio .gal 4.3. Consecuencias da aprobación do dominio .gal |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Discusión dirixida | A1 A5 A7 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C3 C6 | 3.5 | 3.5 | 7 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A5 A6 A8 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B10 | 0 | 18 | 18 |
| Presentación oral | B4 | 1 | 2 | 3 |
| Solución de problemas | A4 A7 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C3 C4 C7 C8 | 3 | 2 | 5 |
| Lecturas | A1 A8 B1 B5 B6 B7 B10 | 0 | 26 | 26 |
| Aprendizaxe colaborativa | A7 A9 B1 B2 B8 B9 C3 C4 C5 C6 C7 | 3 | 3 | 6 |
| Sesión maxistral | A1 A8 B1 B6 B7 B10 C6 | 9 | 0 | 9 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Discusión dirixida | Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. |
| Presentación oral | Exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
| Solución de problemas | Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. |
| Lecturas | Conxunto de textos de fontes diversas proporcionado polo profesor para a profundización nos contidos traballados. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|---|
| Aprendizaxe colaborativa | Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos distintos traballos. Tutorías de libre disposición. |
| Discusión dirixida | |
| Traballos tutelados | Poderáanse adoptar as adaptacións oportunas para o estudiantado con modalidades específicas de aprendizaxe. |
| Presentación oral | |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|--|--|---------------|
| Sesión maxistral | A1 A8 B1 B6 B7 B10 C6 | Valorarase a asistencia e participación na aula. | 15 |
| Discusión dirixida | A1 A5 A7 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C3 C6 | Os alumnos discutirán de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, coordinados pola profesora. | 10 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A5 A6 A8 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B10 | O alumno deberá desenvolver as actividades avaliábeis propostas. A profesora prestaralle axuda no momento en que o precise e demande. Unha das actividades poderá ter carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo. | 50 |
| Presentación oral | B4 | Exposición oral dalgunha das actividades propostas pola profesora. | 15 |
| Solución de problemas | A4 A7 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C3 C4 C7 C8 | Proposta/s de resolución dunha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron. | 10 |

Observacións avaliación

| |
|---|
| <p>Cualificación de Non Presentado. Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) solo aquelas persoas que entreguen ou realicen menos de tres actividades avaliábeis (traballos tutelados, presentación oral e solución de problemas). Segunda oportunidade (xullo). Aqueles estudantes que non teñan superado a materia e teñan asistido regularmente ás aulas e realizado un 60% das actividades propostas, terán que repetir únicamente aquelas actividades ou probas non superadas. Nos casos restantes, serán avaliados pola realización dos traballos tutelados propostos polo/a profesor/a (100% da cualificación). Estudantes con dispensa académica recoñecida. A puntuación alcanzada nos traballos supoñerá o 100 % da nota final, tanto na primeira como na segunda oportunidade.</p> |
|---|

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>Básica Crystal, David (2002): El lenguaje e internet. Madrid: Cambridge University Press. Crystal, David (2005): La revolución del lenguaje. Madrid: Alianza Editorial. Crystal, David (2011): Internet linguistics: A student guide. New York: Routledge. Steger, Manfred (2003): Globalization: A very short introduction. Oxford: Oxford University Press. Yus, Francisco (2010): Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet. Barcelona: Ariel. Complementaria Block, David & Cameron, Deborah (eds.) (2002): Globalization and language teaching. London / New York: Routledge. Blommaert, Jan (2010): The sociolinguistics of globalization. New York: Cambridge University Press. Coupland, Nikolas (ed.) (2010): The handbook of language and globalization. Malden (MA): Wiley-Blackwell. Fairclough, Norman (2006): Language and globalization. London / New York: Routledge. Mar-Molinero, Clare & Stewart, Miranda (2006): Globalization and language in the Spanish speaking world : macro and micro perspectives. New York: Palgrave Macmillan. Swaan, Abram de (2001): Words of the world the global language system. Cambridge: Polity Press.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías